

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO DE CELEBRACION DE CASAMENTOS CIVÍS NO CONCELLO.

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constituirá o feito imponible desta taxa o conxunto de actuacións relativas a celebración de casamentos civís no Concello tales como:

- a) Utilización do Concello para a celebración.
- b) Outras relacionadas coas anteriores.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados o pagamento da taxa reguladora desta Ordenanza, os beneficiarios do Servizo, entendéndose por tales os contribuíntes, que quedan obrigados solidariamente.

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións e bonificacións na taxa regulada na presente Ordenanza.

ARTIGO 4.- COTA

1.- Corresponderá abonar pola prestación do servizo regulado nesta ordenanza a tarifa fixa de 107,12 Euros.

2.- No caso de que se celebre o acto en día festivo ou domingo (segundo disponibilidad), a cota terá un recargo do 50%.

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO

1.- A taxa regulada na presente Ordenanza devengarase no momento en que se inicie a prestación do Servizo, entendéndose por tal inicio a recepción da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

2.- Os solicitantes do servizo realizarán, simultaneamente coa solicitude, o ingreso na recadación Municipal do importe da taxa sinalado no artigo 4 desta Ordenanza practicando a correspondente autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará o Rexistro Xeral do Concello.

3.- No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederá a devolución de oficio do 75% do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

ARTIGO 6.- INFRACCIONS E SANCIONS

No relativo a infraccións tributarias desta Ordenanza así como a súa cualificación e as sancións procedentes estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria, Lei 1/98 de dereitos e garantías dos contribuíntes e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIONS FINAIS

1º) No non previsto nesta Ordenanza Fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal, Lei Xeral Tributaria, Lei 1/98 de dereitos e garantías dos contribuíntes e restante normativa de aplicación.

2º) Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro de 2002 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do....., correspondente á ordenanza fiscal reguladora do/a..... foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 03/12/07; Exposto ó público para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos desta Casa Consistorial, con data 17/12/07; e, no BOP nº. 242 de data 12/12/07; quedando definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación no BOF nº 42 de 28/02/08; data da súa entrada en vigor.
Tui, de de
O SECRETARIO - O INTERVENTOR